



A Concellería de Educación convoca un CONCURSO DE REDACCIÓN ESCOLAR SOBRE A FUSIÓN DOS CONCELLOS DE VILAGARCÍA, VILAXOÁN E CARRIL, con motivo da celebración do centenario desa unión, e co obxecto de provocar unha reflexión na comunidade educativa sobre o carácter precursor daquela iniciativa e das súas repercusións na vida dos veciños naquela época, na actualidade e no futuro.

As BASES que rexen a súa convocatoria son:

1.- O tema será a fusión dos concellos de Vilagarcía, Vilaxoán e Carril para formar o de Vilagarcía de Arousa, abordando algún dos 3 seguintes aspectos:

- O contexto histórico no que se xerou a iniciativa.
- Repercusión que tivo para a Vilagarcía de Arousa que xurdiu.
- Como é agora a Vilagarcía de Arousa social, económica, cultural e deportiva e cal é o seu futuro.

2.- Os traballos terán unha extensión de entre 4 e 10 páxinas, en A4, a dobre espazo, en Times New Roman, 12 pt. Poderán ser redactados en galego ou castelán. Valorarase conxuntamente o factor literario, o contido, o rigor e a orixinalidade.

3.- Os participantes serán os alumnos e alumnas dos centros de ensinanza de Vilagarcía de Arousa, de 5º e 6º de E. Primaria e 1º e 2º de E. Secundaria.

4. Os traballos presentaranse no rexistro xeral do concello en horario de 9 a 14 h. e o prazo será dende o 18 de novembro ata 5 de decembro do ano en curso. As obras irán nun sobre pechado, indicando no exterior que se presenta a este certame e que curso da ensinanza regrada no que está matriculado o concursante. Os persoais figurarán noutro sobre, tamén pechado, que se introducirán no sobre anterior, e serán: nome completo, idade, curso que realiza, centro no que está matriculado, e teléfono de contacto.

5.- O Xurado estará formado por o Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue, dous representantes dos medios de comunicación locais e dous do ámbito educativo. O seu fallo será inapelable e se dará a coñecer o día 15 de decembro.



6.- Establécense, a efectos dos premios, dous grupos de participantes: os de 5º e 6º de E. Primaria e, por outra banda, os de 1º e 2º da E.S.O. Os premios serán, para cada grupo:

Primeiro : unha tablet

Segundo: un lote de libros

7.- Os traballos presentados poderán ser publicados na páxina web do concello ou nos medios de comunicación local, e expostos en calquera exposición que este organice.

Vilagarcía de Arousa, marzo de 2013.